

A XESTIÓN NORMALIZADORA EN GALICIA: ENCADRAMENTO, CARACTERÍSTICAS E PROPOSTAS DE FUNCIONAMENTO

Anxo M. Lorenzo Suárez
Departamento de Filoloxía Galega e Latina
Universidade de Vigo

Publicado en *Actas dos II Encontros para a Normalización Lingüística (28, 29 e 30 de outubro de 1998)*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, pp. 7-18.

O obxectivo deste traballo é reflexionar sobre algúns aspectos que consideramos primordiais e relevantes para o artellamento da xestión normalizadora da lingua galega en Galicia. Con esa finalidade, dividirémo-lo contido da exposición en tres partes. En primeiro lugar, realizaremos un breve encadramento conceptual da xestión normalizadora da lingua galega, comezando pola propia definición do termo que empregamos, argumentando por qué preferimos referirnos a *xestión normalizadora* no canto de usar calquera outra etiqueta máis ou menos equivalente. En segundo lugar, profundaremos no contexto que enmarca o labor normalizador mediante un diagnóstico e unha interpretación do pano de fondo socio-lingüístico en que se desenvolve o contacto galego-castelán, dos puntos fortes e febles da xestión normalizadora xeral, e dalgunhas limitacións detectadas na organización e na posta en práctica das actividades normalizadoras. E en terceiro lugar, faremos unha reflexión sobre algunhas propostas encamiñadas a presentar un enfoque da xestión normalizadora que supere as limitacións, as eivas e as dificultades postas de relevo nos apartados anteriores.

1. Encadramento da xestión normalizadora

Trala aprobación da *Lei de Normalización Lingüística* no ano 1983, calquera avaliación do marco en que se desenvolven os procesos de normalización da lingua galega en Galicia pon inmediatamente de relevo a posta en práctica de accións, actividades e iniciativas normalizadoras atomizadas, carentes de interrelación, faltas de avaliación e de seguimento no rendemento conseguido, inzadas de improvisación, etc.,

tanto desde a administración coma desde a sociedade civil galega¹. Isto é, a falta de organización e de coordinación, a dispersión e a desconexión así como outros cualificativos semellantes constituirían o marco que define o contexto normalizador da lingua galega –cf. Lorenzo (1997) ou Monteagudo (1997), por poñermos só dous exemplos recentes–.

Un marco desta natureza supón a posta en marcha de iniciativas normalizadoras, suscitadas desde entidades, asociacións, administracións, etc., sen que tales actuacións estean apoiadas nun programa xeral que guíe o seu desenvolvemento. Visto desde outra perspectiva, na sociedade galega prodúcese accións normalizadoras *de abaixo a arriba* –en forma de sinerxias da sociedade civil que recolle o pulo normalizador de distintos sectores da sociedade galega– e actividades *de arriba a abaixo* –en forma de actuacións das diferentes administracións en cumprimento de determinados obxectivos normalizadores². Desde a perspectiva da sociedade galega, que é a receptora global desas iniciativas, a situación pode definirse como a formulación de actuacións normalizadoras, que teñen uns determinados obxectivos –é dicir, unha determinada política lingüística–, pero que carece de planificación lingüística explícita.

Dado que resulta imposible analizar un proceso de planificación lingüística da lingua galega, porque tal proceso non existiu como tal, recorreremos ó concepto de *xestión normalizadora*, que se basea en asumir que calquera parte dunha sociedade particular –desde unha administración ata un grupo político, pasando por entidades civís, etc.– posúen uns determinados obxectivos normalizadores que intentan levalos adiante mediante o desenvolvemento de actividades, accións e iniciativas de diferentes características e con distinto avance cualitativo e cuantitativo.

Considerada desde esta perspectiva, a xestión normalizadora ten uns axentes, que desenvolven determinados contidos normalizadores guiados pola obtención de obxectivos globais e parciais moi definidos. Tocante ós axentes que interveñen na

¹ Véxase Recalde (1997); ou ó compara-lo avance da normalización lingüística en Cataluña, País Vasco e Galicia, Hoffmann (1996, p. 103) comenta sobre Galicia: “Indeed, the application of the same model of linguistic normalisation may prove to have something of a costly academic exercise with only limited success.”

xestión normalizadora da lingua galega, serán partícipes todos aqueles –persoas individuais, entidades civís, organismos da administración, empresas, fundacións, asociacións de veciños, asociacións de pais, centros educativos públicos e privados, servicios lingüísticos, etc.– que desenvolvan actividades cos obxectivos de incidir na dignificación ou na promoción social do galego. Relativo ós contidos, estes estarán conformados por tódalas actividades e accións normalizadoras que atinxan ás áreas de formación lingüística, de corrección –mesmo tamén de tradución–, de extensión do uso, de modificación das actitudes lingüísticas, etc. E en relación cos obxectivos, a normalización da lingua galega tende a constituírse en obxectivo excesivamente xeral e, xa que logo, inespecífico e indefinido, de maneira que cando ese obxectivo xeral se converte en finalidade máis específica e operativa ábrese interpretacións e expectativas moi diverxentes: ¿cales son os horizontes da normalización da lingua galega: bilingüismo equilibrado, algunha forma de monolingüismo en galego, etc.?

2. Caracterización da xestión normalizadora actual en Galicia³

Imos presentar e comentar a continuación algúns aspectos que singularizan a xestión normalizadora en Galicia. En primeiro lugar, analizaremos algúns aspectos sociolingüísticos que deben ser tidos en consideración como puntos de partida á hora de planificar o contido das actividades normalizadoras. En segundo lugar, presentaremos un conxunto de puntos fortes e febles dos procesos de normalización da lingua galega, tendo en conta principalmente a análise desenvolvida en Bouzada & Lorenzo (1997). Finalmente, propoñémo-la consideración dalgunhas carencias que detectamos na mesma formulación das actividades encamiñadas a cumprir os obxectivos normalizadores.

2.1. Consideracións sociolingüísticas de partida

² Aínda que non é este o lugar para entrarmos en aclaracións teóricas maiores, para o primeiro proceso Boix & Vila (1998) empregan a denominación de *normalización*, e para o segundo reservan o termo de *planificación*.

³ Cf. Monteagudo (1997); Fraile (1997); García Conde & Vaquero (1995); Lorenzo (1997); Bouzada & Lorenzo (1997: 136 e ss.).

Hoxe en día, a través da análise das realidades sociolingüísticas que se derivan das distintas fontes de datos elaboradas para coñecer a situación social da lingua galega en por si e en comparación con outras situacións lingüísticas semellantes⁴, e tras case dúas décadas de iniciativas normalizadoras co apoio das diferentes administracións e coa participación da sociedade civil galega, é preciso termos moi en conta as tendencias e as pautas sociais que enmarcan o devir da situación de contacto entre o galego e o castelán e, máis especificamente, as dinámicas socioculturais ás que está exposta a lingua galega.

Cadro 1.

CONSIDERACIÓNS SOCIOLINGÜÍSTICAS DE PARTIDA

a) Proceso social de substitución lingüística:

- Consecuencias graves da falta de transmisión primaria da lingua.
- Descenso na proporción de falantes nativos e de falantes habituais.
- Avaliación da presenza do galego nas transmisións educativas.
- Imposibilidade de reversión espontánea do proceso substitutorio.

b) Avances significativos na promoción social do galego.

O obxectivo do cadro 1 é chama-la atención sobre a necesidade de partir dunha avaliación realista das derivas históricas e das realidades sociolingüísticas actuais, e iso significa valorar na súa medida as tendencias que emerxen de fontes tan metodoloxicamente dispares como as citadas anteriormente –cf. nota 4–.

Por unha banda, o perfil que presenta a situación sociolingüística debe ser enfocado a partir das características propias dun proceso de substitución lingüística do galego polo castelán. Non cremos que poida ser outra a interpretación en termos de proceso social que se agocha tralos datos do MSG (cf. ademais Fernández, 1991;

⁴ Ó falarmos de fontes de datos, temos que facer mención obrigada dos volumes que compoñen o *Mapa Sociolingüístico de Galicia* (cf. Fernández & Rodríguez Neira (coords.) 1994, 1995, 1996); ademais, podemos mencionalo o interese que ten o informe do *Centro de Investigaciones Sociológicas* dirixido por Miquel Siguán (cf. CIS 1994) por se tratar dunha mostra comparativa sobre a posición social das distintas linguas minoritarias do Estado. Desde unha perspectiva europea, son tamén relevantes as reflexións e os datos comparativos recollidos no informe EUROMOSAIC (cf. EUROMOSAIC 1996).

Rodríguez Neira, 1989, 1991). Na medida en que é así, cómpre asumir, en toda a súa extensión, as repercusións funcionais dese proceso.

En primeiro lugar, hai que comezar afrontando as catastróficas consecuencias que está tendo a falta de transmisión primaria da lingua galega, principalmente no plano estrictamente funcional: descenso da porcentaxe de monolingües en galego, o castelán incorpórase ás familias como a variedade da socialidade e da solidariedade, etc.⁵

En segundo lugar, a tendencia cara ó descenso significativo na proporción de falantes nativos e de falantes habituais supón unha alteración fonda na ecoloxía do contacto, na medida en que provoca unha modificación profunda no repertorio lingüístico dos grupos sociais galego-falantes, e nos esquemas de elección lingüística aplicables nas interaccións comunicativas.

En terceiro lugar, hai que analiza-los cativos resultados prácticos, en termos de extensión do uso e de ampliación efectiva da competencia lingüística, da presenza do galego nas transmisións educativas. É certo que a inserción do galego nos distintos niveis educativos supuxo unha alteración cualitativa e cuantitativa da consideración social da lingua galega. Pero as transmisións educativas non son unha panacea para a supervivencia do galego, nin poden compensa-la ruptura da transmisión primaria normal da lingua no seo familiar.

E en cuarto lugar, se a diagnose da situación sociolingüística actual é correcta –e iso supón a acción dun proceso de substitución lingüística do galego polo castelán–, é difícil seguir argumentando que tal situación sociolingüística pode ter unha reversión social espontánea. Que algúns investigadores consideren que se o galego aturou tantos séculos de contacto co castelán en circunstancias máis adversas cás actuais poderá facelo mellor no momento presente, supón partir dunha afirmación inicial errónea: durante este século que remata, as condicións do contacto mudaron substancialmente, de maneira que o que constituía unha situación de contacto diglósica evolucionou cara a un proceso de substitución lingüística. Polo tanto, se o galego foi quen de resistir durante

⁵ Aínda que non é o noso obxectivo primario nestas páxinas, tamén habería que calibra-las consecuencias estrictamente lingüísticas: na competencia lingüística productiva en galego, e na presentación de fenómenos de influencia interlingüística, por poñer só dous exemplos.

varios séculos o empuxe do castelán foi debido a que a situación de contacto non se estableceu en termos substitutorios.

Neste contexto, as tendencias funcionais evolutivas –é dicir, o desenvolvemento do proceso substitutorio de fondo– serán dificilmente modificables sen que medien accións conscientes, deliberadas, e, por suposto, planificadas. E, por outra banda, se as consideracións sociolingüísticas expostas no Cadro 1 non se asumen plenamente, poden conducir a unha xestión normalizadora parcial, errónea, ou mesmo contraproducente.

A carón deste proceso continuado de substitución, debemos ter en conta as consecuencias sociais que tivo para o galego tanto o proceso de normalización institucional principiado coa restauración democrática coma os esforzos normalizadores xerados desde a sociedade civil galega xa principiadados os anos sesenta. E xa especificamente nos anos oitenta, xunta ó desenvolvemento de iniciativas desde a administración, sucédense as accións normalizadoras desde entidades, organizacións e asociacións de moi diverso tipo que foron conseguindo que a avaliación sobre os referentes de status e poder asociados co galego aumentasen significativamente, ó tempo que a lingua ampliaba a súa presenza en novos espacios de uso e no desempeño de máis funcións sociais. Os resultados prácticos desta nova xeira para a lingua galega, que se desenvolve na segunda metade deste século, non son nada desprezables e están a supoñer non só un freo para o avance das tendencias sociais substitutorias senón tamén un proceso social positivo para a vinculación da lingua con referentes modernizadores e superadora dos vellos estigmas sociais.

A falta dun diagnóstico comparativo e multidimensional, podemos deternos na consideración dalgúns efectos dos procesos de normalización da lingua galega reflexionando sobre o tipo de obxectivos normalizadores máis e menos conflictivos suscitados nunha investigación sobre a presenza social da lingua en contextos socio-laborais e locais (cf. Bouzada & Lorenzo 1997)⁶.

⁶ Con respecto ó contido do cadro 2, téñase en conta, en calquera caso, que o estudo citado se centrou especificamente nos ámbitos sociolaborais e nos ámbitos locais, de aí que, malia a súa xeneralidade, os obxectivos máis e menos conflictivos que se reflicten no cadro poderían ser modificados parcialmente se o alcance do traballo fose máis global.

Cadro 2.
 OBXECTIVOS MÁIS E MENOS CONFLICTIVOS NO ESCENARIO
 DA NORMALIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

<i>Obxectivos normalizadores</i> MENOS <i>conflictivos</i>	<i>Obxectivos normalizadores</i> MÁIS <i>conflictivos</i>
• Apoio á prestixiación social del gallego	* Modelo social monolingüe
• Promoción da lingua desde os concellos	* Modelo social bilingüe
• Actividades de normalización lingüística desde a Xunta	* Os servicios lingüísticos como xeradores de postos de traballo
• Promoción do galego nas empresas	* Investimento dos concellos na normalización lingüística
• Inserción do galego nos medios de comunicación	* Extensión dos servicios lingüísticos
• Inserción do galego na publicidade	

Os escenarios menos conflictivos –é dicir, os que suscitan un maior consenso entre tódolos actores sociais que están implicados nas tarefas normalizadoras– son aqueles que se atopan fundamentados na consecución de obxectivos xerais, como son a promoción da lingua, a busca de prestixio social, e a inserción do galego nos medios de comunicación e mais na publicidade. Por outro lado, un lugar común entre tódolos actores é a consideración de que a administración autonómica debe desempeñar un papel predominante na xestión dos obxectivos e dos contidos normalizadores.

Complementariamente, os escenarios que actualizan conflitos de certa envergadura entre os actores son aqueles relacionados cos modelos de sociedade que se perseguen tralo proceso normalizador –modelo bilingüe ou modelo monolingüe–, os investimentos das entidades locais para o desenvolvemento das actividades de promoción da lingua, e distintos aspectos relacionados cos servicios de normalización lingüística –concretamente, a extensión dos servicios a máis contextos locais–.

Tendo en conta este panorama, podemos suxerir que os tres maiores problemas percibidos á hora de levar adiante unha actividade normalizadora consensuada son os seguintes: *a)* unha falta de debate –coa conseguinte indefinición– sobre os horizontes e sobre o modelo normalizador que se desexa para a lingua galega e para a sociedade galega; *b)* o papel técnico e mailo status dos servicios lingüísticos, entidades que suscitan problemas financeiros e dificultades de implementación práctica; dito doutro

xeito: indefinición sobre o papel dos actores intermediarios das propostas normalizadoras; c) o papel dos concellos na xestión e, sobre todo, na asunción de responsabilidades económicas tocante á posta en práctica e ó desenvolvemento do proceso normalizador.

2.2. Puntos fortes e febles da xestión normalizadora

A partir da análise realizada en Bouzada & Lorenzo (1997) sobre o artellamento da xestión normalizadora en ámbitos locais e en sectores socio-económicos e empresariais, podemos suxerir algúns dos puntos fortes e dos aspectos febles que caracterizan a xestión normalizadora da lingua galega⁷.

Cadro 3.

PUNTOS FORTES E FEBLES DA XESTIÓN NORMALIZADORA

<i>Puntos Fortes</i>	<i>Puntos Febles</i>
<ul style="list-style-type: none"> • Capacidade de investimento económico por parte da administración da Xunta. 	<ul style="list-style-type: none"> ♠ O galego non constitúe un reto estratéxico da administración.
<ul style="list-style-type: none"> • Ausencia de actitudes e conductas abertamente hostís cara á extensión das actividades normalizadoras. 	<ul style="list-style-type: none"> ♠ A lingua aínda constitúe, nalgúns contextos socio-políticos e sindicais, unha arma arreboladiza.
<ul style="list-style-type: none"> • Traballo normalizador desenvolvido por algunhas entidades, que serven como modelos a imitar. 	<ul style="list-style-type: none"> ♠ Ausencia dunha PL e de programas-marco de actuación normalizadora.
<ul style="list-style-type: none"> • Labor de entidades civís que dinamizan sectores e áreas de actividade pouco atendidos pola administración. 	<ul style="list-style-type: none"> ♠ Dificultades na posta en práctica de actividades enfocadas cara á extensión do uso e ó cambio de actitudes. ♠ Carencia dunha actitude de liderato do proceso por parte da Xunta.

Con respecto ós puntos fortes, consideramos como tales os catro elementos expostos no Cadro 3. Por un lado, a capacidade de investimento da administración da Xunta, que facilita o desenvolvemento de programas específicos sectoriais e xerais

mediante a realización directa ou a subvención indirecta dun conxunto amplo de actividades normalizadoras. Por outro, é destacable a ausencia de actitudes e de conductas hostís cara á extensión das actividades normalizadoras, nin na sociedade galega en conxunto nin nos moi diferentes actores sociais que interveñen neste proceso, constituíndo este un elemento forte que non debe ser pasado por alto, por moito que poida parecer demasiado obvio. Téñase en conta o que ocorrería se houbo reaccións contrarias fortes e puntos de hostilidade patentes. Ademais, o labor desenvolvido desde distintas instancias administrativas –concellos, fundacións, empresas, etc.–, en moitas ocasións sen a penas publicidade nin repercusións espectaculares, vai supoñendo a consolidación de experiencias normalizadoras que, de seren espalladas e reproducidas, poden servir perfectamente de modelos a imitar. Finalmente, o labor de distintas entidades civís supón a consolidación de estruturas que dinamizan sectores e campos de actividade desatendidos ou pobremente tratados pola administración.

Polo que respecta ós puntos febles, salientamos en primeiro lugar que o galego non é asumido como un reto estratéxico por parte da administración –nin da administración local nin da autonómica–, e, moi ó contrario, aínda constitúe nalgúns casos un elemento de enfrontamento e de distinción socio-política que facilita que a lingua se converta en obxecto de disputa entre opcións de distinto signo. De feito, coidamos que ambos puntos febles se atopan moi relacionados: se a promoción do galego constitúe un obxectivo consensuado entre toda a sociedade galega, minguarán as posibilidades de que se converta en obxecto de distinción e de hostilidade socio-política.

Por outra parte, a falta dun papel máis activo e dun rol de liderato por parte da administración autonómica na xestión normalizadora, a ausencia de programas-marco de planificación lingüística, así como a presentación de todo tipo de dificultades para a implementación de actividades normalizadoras que incidan no uso lingüístico efectivo e na modificación das actitudes ante o galego e ante os grupos galego-falantes, todos estes

⁷ En Bouzada & Lorenzo (1997), (1998) levamos a cabo unha análise independente para cada ámbito. Sen embargo, aquí realizamos unha selección dos elementos normalizadores que máis interese teñen con independencia do ámbito específico.

aspectos son algúns dos riscos que máis dúbidas e incertezas xeran sobre o éxito da actuación normalizadora nos distintos ámbitos sociais e comunitarios⁸.

2.3. Limitacións na organización das actividades de normalización lingüística

Centrándonos agora na consideración específica das actividades de normalización lingüística, algunhas das limitacións ou carencias máis decisivas para captármola catividade das perspectivas de traballo ante a consecución dos obxectivos normalizadoras están presentes no Cadro 4.

Cadro 4.
LIMITACIÓNS NA ORGANIZACIÓN DAS
ACTIVIDADES NORMALIZADORAS

- Falta de incidencia social das actividades normalizadoras
 - a)* na extensión do uso.
 - b)* na modificación das actitudes lingüísticas.
 - c)* na restitución dos mecanismos de transmisión primaria.
 - Falta de avaliación dos resultados da formación lingüística e das actividades de corrección.
 - Status dos técnicos de normalización lingüística.
 - Status dos servizos lingüísticos.
-

En primeiro lugar, como xa sinalabamos antes ó establecer algúns dos puntos febles da xestión normalizadora, a falta de incidencia social máis fonda das actividades enfocadas cara á extensión do uso da lingua e cara á modificación das actitudes lingüísticas é unha das eivas ou carencias máis saliantables. Pero xunto a unha preocupación primordial pola incidencia en termos de uso e de modificación das actitudes lingüísticas, tamén deberíamos engadir que as actividades normalizadoras deberían estar enfocadas cara á reversión do proceso de transmisión lingüística primaria, que está a supoñer unha ameaza moi seria para a presenza espontánea do galego no ámbito familiar.

⁸ Queremos constatar que este esquema de puntos fortes e febles da xestión normalizadora, ó estar centrado na análise efectuada en Bouzada & Lorenzo (1997) sobre os ámbitos locais e socio-

En segundo lugar, resulta incomprendible a falta de avaliación en tódolos niveis da xestión normalizadora, sobre todo unha avaliación pormenorizada e contrastada dos resultados das actividades de formación e de corrección lingüística, tendo en conta dous aspectos: que boa parte da xestión normalizadora foi reducida a eses dous focos de atención, e que calquera persoa que coñeza, inda que sexa tanxencialmente, o desenvolvemento desas actividades terá unha idea clara sobre os moi distintos tipos de problemas suscitados nas prácticas formativas, e dos resultados limitados e, se cadra en moitos casos contraproducentes para a extensión da lingua, das prácticas de corrección e de traducción castelán > galego.

En terceiro lugar, o status dos técnicos de normalización lingüística supón un factor permanente de dificultades engadidas. A este respecto, é preciso insistir na formación xeral dos técnicos e nos seus contidos específicos, principalmente nos contidos formativos de tipo psico-social (pedagogía, socioloxía, sociolingüística, etc.) e de tipo legal, ademais de insistir en todo tipo de contidos que axuden a planear actuacións de dinamización sociolingüística. Pero tamén cómpre seguir insistindo, cada vez en maior medida, no desenvolvemento de mecanismos de autoformación e na necesidade da reciclaxe –e da autoreciclaxe– continua⁹.

3. Propostas de funcionamento da xestión normalizadora: algunhas reflexións

Tendo en conta os aspectos tratados nos apartados anteriores, imos centranos agora na formulación dalgunhas propostas sobre a organización da xestión da normalización da lingua galega, tendo moi presente cal é a situación actual e os elementos vinculados coa realidade sociolingüística e co desenvolvemento das tarefas de planificación lingüística. Concretamente, faremos referencia, en primeiro lugar, a dúas áreas que requiren, ó noso entender, unha atención prioritaria; a continuación consideraremos-la necesidade de organización e de liderato do proceso normalizador tanto en dirección descendente coma en dirección ascendente; finalmente, teremos en

económicos, non remata aquí, dado que será posible incluír outros aspectos que están a incidir positiva ou negativamente na formulación das actuacións normalizadoras.

⁹ Respecto do cuarto punto que está presente no Cadro 4, deixamos de lado aquí a referencia ó status dos servizos lingüísticos ou de normalización lingüística, aspecto que será tratado de forma monográfica

conta tres contidos específicos que están cada vez máis presentes nas prácticas normalizadoras de moitas comunidades e que, cada vez en maior medida, están presentes entre nós: a dinamización lingüística, a xestión lingüística, e os elementos vinculados coa mercadotecnia lingüística.

Cadro 5.

ALGUNHAS PROPOSTAS DE FUNCIONAMENTO PARA A
XESTIÓN NORMALIZADORA DA LINGUA GALEGA

a) Priorización

- Finalidades principais que deben perseguir as actividades de NL:
 - * que a lingua galega teña máis funcións.
 - * que a lingua galega gañe falantes.
- Coñecemento pormenorizado das realidades sociolingüísticas en que intervimos.

b) Organización e liderato do proceso normalizador

- Formulación de planos coherentes e metódicos de NL; organización dun plano xeral de NL.
- Papel motriz da administración autonómica: liderato do proceso normalizador.
- Sinerxias desde a sociedade civil.

c) Dinamización e xestión lingüística

- O pano de fondo da dinamización lingüística.
 - A perspectiva da xestión lingüística: a adaptación ás demandas e carencias dos usuarios.
-

En primeiro lugar, debe ser prioritario que as actividades normalizadoras incidan directamente en que o galego acade máis funcións sociais de todo tipo e que a lingua aumente a súa base demográfica. Isto supón centrar esforzos directos e indirectos na restitución dos mecanismos de transmisión primaria, e, ademais, supón propiciar e alentar que resulte o máis doado posible a chegada de castelán-falantes habituais ó universo da lingua galega, sen que este proceso sexa analizado por definición en termos de oportunismo lingüístico.

Por outra banda, coidamos que debemos tender a fornecer relacións moi estreitas entre a situación sociolingüística e as actuacións que constitúan a xestión normalizadora

noutros traballos neste volume. En todo caso, véxase a reflexión que sobre este punto se realiza en Bouzada & Lorenzo (1997: capítulo 3), así como García Conde & Vaquero (1996).

local e xeral. Isto é, para desenvolvermos unha xestión da normalización lingüística coherente e rendible debemos coñecer polo miúdo a evolución sociolingüística da sociedade galega nos diferentes niveis de interese, e debemos saber en qué estado se atopa o proceso social de extensión social da lingua galega: os seus puntos fortes e febles, os apoios internos e externos dos que dispoñemos, etc. Ademais, tanto a evolución sociolingüística coma o estado da normalización lingüística deben ser avaliados desde a perspectiva macrosocial, considerando os procesos que afectan a sociedade galega en xeral e, complementariamente, desde a óptica microsociolingüística, é dicir, a partir da comunidade, dos grupos sociais, das organizacións, dos grupos de interese, etc., que teñan algunha relevancia a nivel local.

En segundo lugar, debemos precisar tres aspectos que están relacionados coa organización e liderato do proceso de normalización lingüística e que terán unha influencia poderosa no desenvolvemento da xestión normalizadora a tódolos niveis. Por unha banda, é necesaria a formulación dun plano xeral de normalización da lingua galega, plano que constituirá o pano de fondo para a xestión normalizadora. E cando falamos de plano xeral facémolo pensando no deseño das grandes liñas da actuación normalizadora, coa lexitimación técnica, política e administrativa que posúe ese tipo de actuación xeral. Con isto principiariamos unha xeira de planificación lingüística e de participación política e social na definición dos obxectivos e do alcance da normalización do galego.

Por outra banda, a administración autonómica debe asumir unha posición e mais unha actitude de liderato dese proceso. Por unha banda, a administración autonómica asumiría sen reservas a coordinación, organización e avaliación da xestión normalizadora, ademais de se converter no interlocutor directo ante o resto das administracións –sobre todo ante a administración local–, e ante a sociedade civil. O apoio político e legal do liderato da administración suporía, entre outras cousas, unha axuda crucial para a lexitimación social das actividades normalizadoras. Mentres iso non ocorra, seguiremos inmersos en solucións insatisfactorias, necesarias e se cadra

nalgúns casos urxentes, pero que terán unha provisionalidade e unha limitación evidente¹⁰.

Finalmente, é preciso referírmonos ás limitacións nos apoios e nas sinerxias que desde a sociedade civil se proxectan cara á consecución dos obxectivos normalizadores. O precario dinamismo mostrado pola sociedade galega á hora de organizarse para formular e organizar iniciativas de intervención sobre a lingua galega e de reclamación sobre os poderes públicos segue mostrando unha alarmante incapacidade para vehicular, dun xeito coherente e sistemático, o entusiasmo e o apoio cara á lingua que si se mostra noutros niveis políticos, sindicais e sociais.

En terceiro lugar, a dinamización lingüística convértese no marco de traballo (cf. Bouzada e Lorenzo, 1997: capítulo 5). O noso punto de partida a este respecto é que a acción normalizadora debe entenderse como unha acción planificada e integrada, onde tódalas accións desenvolvidas teñan un obxectivo que cumprir, e que contén para levalas adiante co artellamento dun conxunto definido de actividades que abranguan os eixes de actuación xa comentados. Con este horizonte, e sen lles negarmos ás actividades de corrección e de asesoramento lingüístico o lugar específico que teñen na xestión normalizadora, orientamos boa parte do esforzo de lexitimación e de restauración social da lingua galega cara a dous tipos de actividades: *a*) as que fomenten a extensión e a diversidade dos usos da lingua; *b*) as que tendan a incidir con decisión na desactivación dos estigmas sociolingüísticos que aínda pesan sobre a lingua galega e sobre os seus falantes.

Máis alá das precisións teóricas e das definicións sobre o seu obxecto de estudo específico, parece quedar claro que as prácticas dinamizadoras constitúen unha intervención de microplanificación lingüística que teñen capacidade para modificar, directa e poderosamente, os fluxos comunicativos das redes sociais primarias dos

¹⁰ Aínda que o liderato corresponda á administración autonómica, non podemos esquecer a necesidade de que a administración local participe e asuma a súa parte de responsabilidade no desenvolvemento e na posta en práctica activa de certos obxectivos normalizadores, que son moitos e básicos para o éxito deste tipo de iniciativas.

individuos e das comunidades, inserindo as prácticas lingüísticas no marco máis amplo da dinamización socio-cultural.

Respecto da organización das tarefas dinamizadoras, coidamos que debemos tender cara a un modelo de xestión normalizadora flexible, analizando e valorando as características de cada intervención caso por caso. Se cadra a combinación de estrutura local e de organización comarcal, en función das necesidades sociolingüísticas e de xestión, podería ser un punto de partida útil. En calquera caso, un servizo lingüístico debe tender a converterse nun centro de recursos –humanos, técnicos, formativos, materiais, de consulta, de asesoramento, etc.–, cun certo grao de centralización pero moi operativo. Ademais, os obxectivos de funcionamento dos servizos lingüísticos ou de normalización lingüística deben centrarse, case en exclusiva, nas accións de dinamización lingüística.

Con respecto ás responsabilidades e tarefas estrictamente lingüísticas –corrección de textos correntes, tradución galego-castelán, etc.–, débese tender a que as distintas entidades, colectivos, empresas, administracións, etc. contén con persoal especializado, non necesariamente técnicos nin sequera lingüistas, que solventen ese tipo de necesidades formais e lingüísticas. En todo caso, nos servizos lingüísticos centralizados poderían tratarse algúns tipos específicos de necesidades lingüísticas nun nivel especializado –por exemplo, certos aspectos da difusión das achegas terminolóxicas, ou das linguaxes de especialidade, etc.)¹¹.

En segundo lugar, a perspectiva da *xestión lingüística* constitúe un chanzo máis da dinamización lingüística, e consiste na asunción de que a finalidade das actuacións dinamizadoras deben encamiñarse cara á adaptación das mesmas ás necesidades, demandas e carencias dos usuarios en cada organización (cf. Batlle & Viladrosa, 1997). A este respecto debe seguir estando en primeira liña de consideración e de interese práctico os distintos elementos da mercadotecnia lingüística, que especifiquen e ilustren as estratexias de inserción social dun produto lingüístico na nosa sociedade (cf. Rodríguez & Romero, 1997; Domínguez, 1998).

¹¹ Con todo, o papel dos servizos lingüísticos a este nivel centraríase primordialmente no espallamento das solucións e dos materiais xa elaborados, toda vez que lugares como o xa existente TERMIGAL debería asumir a realización deste tipo de tarefas que constitúen o seu obxecto de estudo.

Síntese

Partimos do concepto de xestión normalizadora, avanzamos un diagnóstico do contexto social da lingua galega, e presentamos unha análise dos problemas, limitacións e eivas que presenta a xestión normalizadora. Posteriormente, presentamos algunhas reflexións sobre algúns dos elementos que coidamos que deben estar moi presentes no desenvolvemento e na posta en práctica da xestión normalizadora da lingua galega en calquera nivel.

Non podemos rematar estas páxinas sen formular unha reflexión final. Moitos dos aspectos que limitan o éxito das iniciativas que perseguen a extensión dos usos sociais da lingua galega proceden de que a lingua non constitúe un reto estratéxico nin da sociedade galega, nin dos poderes políticos, nin das diferentes administracións. Unha consecuencia desta situación é, entre outras, a indefinición sobre as responsabilidades no liderato e na organización da xestión normalizadora a nivel macrosociolingüístico, e isto tamén provoca que a planificación da lingua galega non existise como tal en Galicia no tempo que levamos percorrido desde o inicio do período estatutario.

En definitiva, a nosa concepción da xestión normalizadora parte da idea de que se debe restaurar unha lóxica normalizadora coherente e democrática, que teña en consideración o valor da planificación lingüística, e que sitúe no seu lugar –e cos seus contidos específicos– as políticas lingüísticas desde as diferentes administracións, co apoio e coas sinerxias propias dos grupos, asociacións e entidades que fornezan tales obxectivos desde a sociedade galega.

Bibliografía

- Battle, R. & M. Viladrosa (1997), “La adaptación a los usuarios, un factor relevante de la planificación lingüística”, relatorio presentando en *I Simposio Internacional sobre o Bilingüismo. Comunidades e individuos bilingües* (Vigo, outubro de 1997).
- Boix, E. & F. X. Vila (1998), *Sociolingüística de la llengua catalana*, Barcelona, Ariel.
- Bouzada, X. & A. Lorenzo (1990), “A lingua galega nas actividades económicas e comerciais”, *Grial* 107, pp. 307-333.

- (1997), *O futuro da lingua. Elementos sociolingüísticos para un achegamento prospectivo da lingua galega*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega.
- (1998), “Los procesos de normalización de la lengua gallega: evaluación de la situación actual y análisis prospectivo”, relatorio presentado no *VI Congreso Español de Sociología* (A Coruña, setembro de 1998).
- Cabré i Castelví, M^a T. (1991), “Os servicios lingüísticos: definición e estrutura”, *Cadernos de Lingua* 4, pp. 141-150.
- CIS [Centro de Investigaciones Sociológicas] (1994), *Conocimiento y uso de las lenguas en España*. Madrid, Centro de Investigaciones Sociológicas.
- Domínguez, F. (1998), “Toward a language-marketing model”, *International Journal of Sociology of Language* 134, pp. 1-13.
- EUROMOSAIC (1996), *Producción e reprodución dos grupos lingüísticos minoritarios da Unión Europea*, Santiago, Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro - Xunta de Galicia.
- Fernández, M. A. (1991), “Coordenadas sociais e dinámica do bilingüismo galego”, *Grial* 110, pp. 239-262.
- Fernández, M. A. & M. A. Rodríguez Neira (coords.) (1994), *Lingua inicial e competencia lingüística en Galicia*, A Coruña, Real Academia Galega.
- (1995), *Usos lingüísticos en Galicia*, A Coruña, Real Academia Galega.
- (1996), *Actitudes lingüísticas en Galicia*, A Coruña, Real Academia Galega.
- Fraile, A. (1997), “Normalización e política lingüística en Galicia (1981-93)”, *Grial* 136, pp. 549-558.
- García Conde, S. & I. Vaquero (1996), “Os servicios de normalización lingüística: proposta básica de funcionamento”, *Cadernos de Lingua* 14, pp. 101-116.
- Hoffmann, Ch. (1996), “Language planning at the crossroads: The case of contemporary Spain”, in Hoffmann, Ch. (ed.), *Language, culture and communication in contemporary Europe*, Clevedon, Multilingual Matters (pp. 93-123).
- Lorenzo Suárez, A. M. (1997), “Planificación lingüística e dinamización: reflexións sobre o modelo de normalización lingüística en Galicia”, in A. M. Lorenzo (ed.), *Dinamización e normalización lingüística*, Vigo, Servicio de Publicacións da Universidade de Vigo (pp. 101-131).
- Monteagudo, H. (1997), “Quince anos de política lingüística en Galicia (1981-96). Notas para un balance”, *Grial* 136, pp. 527-548.
- Recalde, M. (1997), *La vitalidad etnolingüística gallega*, (Documento de traballo do Centro de Estudios sobre Comunicación Interlingüística e Intercultural), Valencia, Universitat de València.
- Rodríguez, L. & D. Romero (1997), “Elementos de publicidade e mercadotecnia para a dinamización lingüística”, in A. M. Lorenzo (ed.), *Dinamización e normalización lingüística*, Vigo, Servicio de Publicacións da Universidade de Vigo (pp. 71-86).

- Rodríguez Neira, M. (1988), “Sobre o proceso de substitución lingüística en Galicia”, in Kremer, D. (ed.), *Actes du XVIII Congrès International de Lingüistique et de Philologie Romanes*, vol. 5, Tübingen, Max Niemeyer (pp. 253-265).
- (1991), “Outra contribución á cuantificación do cambio lingüístico en Galicia”, in Brea, M. & F. Fernández Rei (eds.), *Homenaxe a Constantino García*, Santiago de Compostela, Departamento de Filoloxía Galega - Universidade de Santiago (volume 2: pp. 179-194).
- Solé, M. (1991), “Dinamització cultural i lingüística”, in Direcció General de Política Lingüística, *Primera trobada de serveis lingüístics*, Barcelona, Departament de Cultura de la Generalitat de Catalunya (pp. 77-86).